

## PROCEDEMENTO DE XESTION DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DESTINADA AOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN. ANO 2021

Dentro do Regulamento de funcionamento do catálogo de investigadores e grupos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, establécese que unha porcentaxe da Axuda á Producción Científica xestionada pola Vicerreitoría de Investigación sexa destinada directamente aos grupos de investigación en función da produción científica acreditada de acordo aos criterios de baremación establecidos, así como polos recursos acadados por todos os membros do grupo.

A Vicerreitoría aproba a asignación da Axuda á Producción Científica correspondente ao exercicio 2021 en base aos **criterios de valoración da produción científica aprobados no Consello de Goberno celebrado o pasado 22 de maio de 2020** ([https://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/4879\\_gl.pdf](https://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/4879_gl.pdf)) e tomando en consideración o seguinte:

- Acordase valorar os méritos da Producción correspondentes ao ano 2019 e 2020, tomando como puntuación a media resultante destes dous anos. Esta información foi obtida de maneira automática a partires das bases de datos da Vicerreitoría e das bases de datos internacionais de publicacións científicas.
- Para o cálculo do reparto ter en conta a produción científica de aqueles PDI cunha puntuación media 2019-2020 maior que 10.
- Non financiar aos Grupos con financiamento previsto no exercicio 2021 procedente do Programa de Consolidación da Xunta de Galicia

### PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DA AXUDA.

O financiamento dos Grupos que como consecuencia da súa produción científica perciban axuda en 2021 será ingresado na partidas xenérica dos Departamento ou Centro ao que pertenza o coordinador.

Vicente Pérez Muñuzuri

Vicerreitor de Investigación e Innovación